

disbos

os
amantes
da
palavra

10

ANONIMOS

BETA

Calquer que pasase podía mirar a Beta através da xanela enturvada por unha finísima capa de pó, que ela se dispuña a limpar nese mesmo momento, e que, de fixar-se ben, tamisaba a visión da súa delgada figura, toda ela en tensión polo peso do balde cheo de água a rebosar frescamente, saltitando-lle nas pernas ao soltá-lo dun golpe, relaxando-se e enxugando o incipiente suor da fronte e a boca antes de comezar a tarefa.

Mirou a xanela, é dicir, o vidro levemente empoeirado da xanela que debuxaba pequenos rios de lixo desembocando teimudamente nas rugas dos marcos. Ninguén dos que pasaban sabia que ese era o seu día mensual de limpeza. A dicir verdade ninguén dos que pasaban soía facer, como ela, o inventário de todas as suxidades acumuladas cada mes, así, nun instante, nunhas horas. Como tampouco ninguén dos que pasaban soía reparar nela, tantos pisos por cima, así ela non podía ver absolutamente nada através da finísima capa de pó, o telón do seu teatro anónimo.

Só quen non pasaba, quen estaba á espera, mes tras mes, podía saber que ese era o día en que Beta se achegaba á xanela. Non como noutras ocasións, un instante, abrir e deixar arexando tras, se acaso, deitar unha ollada sobre o gris do asfalto. Ou sacar unha man, entreendo-se apenas meio rosto de lua, unha man rematada nun groso pano amarelo que se axitaba como para a toasca despedida de todos os días. Ou, se non, depositar unha a unha as macetas do interior, sacar as alfombras, sacudir un libro ou a almofada... quen isto vía, entendía-o como a promesa dunha entrega, unha dose de intimidade.

E esa intimidade só chegaba o día da limpeza xeral, cando Beta desaprumada o seu balde xunto ao cristal inferior da xanela, fresca água que nen sequer se vía desde fóra e, sen embargo xa lle humedecía a boca sentindo-a contra as pernas dela, ambas, a água e a boca que eran como o estretecimento dunha mesma fonte. Via-a, entón, trepar pola escadiña, primeiro un pé no degrau, facendo dobrar o xoello até deixar á vista a coxa semi-oculta e, por entre a botoeira da bata, a sombra da virilla. Como se a tivese ali mesmo, sen a rua por meio, quen isto vía apertaba entón contra o muro o seu abdómen endurecido por unha fame repentina, mentres ela comezaba a esfregar o pano húmido sobre o cristal ao tempo que movía o torso e os ombros, os peitos saltando-lle frouxos dentro da bata.

Beta premia o pano e deixaba escorrer entre os dedos a água nun reter e deixar ir, inconsciente pracer que a conciencia ocultaba. A feminina exhibición de pudor abría e cerraba as súas portas como unha edelweiss sobre o abismo. O marco da xanela, os brillos que ian aparecendo, a fina pel do vidro facían-na intocábel como unha idea. Sen embargo nada mais lonxe dun ballet ou un pastelón de cabaret que aquel mandilón distorsionado, cos botóns rebentando por entre a alma de carne a mover-se, estirando-se e contraíndo-se, patenteando a fúria e a fatiga do puro desexo. O suor e a água parecían brotar da mesma glándula excitada, a cara vermella co pelo de medusa serpeando, sen ter ondo agarrar-se. Húmida ela, húmido o cristal, era todo unha lingua desesperada fundindo o seu corpo nun abrazo estático co vidro percorrido dos últimos espasmos que se esforzan até os lugares mais difíceis, ao tempo que o corpo se apertaba no intento da imposíbel introducción, a confusión do disxunto nun mesmo brillo inicial que non é senon réplica ou rito, até ser un só plano como se o intante resplandecente do último resultado o deixase fotografado para sempre.

Suspirou un ortográfico ponto ao esforzo e baixou lentamente as escadas e, entón si, mirou para a rua mentres cunha man descía as cansadas mangas da bata. A irremediábel conformidade de todo produciu-lle tristeza. Mais alá do seu cristal estaba a suxidade fría e inalcanzábel do mundo. Cando levantou a vista do chan, unha xanela acabada de fechar-se na cada de en frente.

ANONIMO 1

Entre a tua casa e a miña hai un abismo onde a expresión está sempre a punto de despeñar-se. Nada sei, nada pergunto que non poda ser lido no teu corpo cando se abre ao vacío. Asoma-te esta noite. Tampouco ti preguntas, humildemente.

HIPERION

BETA

Dentro do portal Beta é diminuta, imperceptíbel e consabida como o rodapés ou o interruptor. Achega-se ao panel dos buzóns enfiados con exactitude na parece. Sen embargo coa vista identifica inmediatamente o seu, apesar de que este amosa só o número e a letra do seu piso. Tamén recoñece os outros, como proba os cámbios de moradores aquí e alá, percebe se o fillo escribeu xa á nai, se o médico recebeu a propaganda ou o profesor a nómina. As cartas son línguas con sede a saír dos buzóns que rebentan os segredos, a discreción, a intimidación. Despois, no ascensor, bon día e ninguén falará. A nai abrirá o bolso para asegurar-se de que aínda leva a carta entre os pacotes do supermercado. Beta sorrirá como se se lembrase doutra cousa, mentres o doutor se porá a repasar os produtos que xa coñece con ar de súbito interese e o profesor ollará ao teito na procura dunha canción.

A man traballa cega a chaviña e o ferrollo. Hai, sen embargo, taquillas valdeiras. E non ocasionalmente. Son valdeiras por norma, onde, como nunca se abren, se van acumulando as ofertas estúpidas que ninguén recolle. Beta olla frecuentemente para elas e mesmo, cando chega de noite ou non hai ninguén, mete os dedos polas fendas até conseguir sacar algun papel. Desenvolveu esta habilidade coas alcancias, a arte de sacar as moedas sen rompé-las, cos pacotes, cos sobres fechados que volvía a deixar sen que se notase teren sido abertos.

Abre a súa portoiña. Tamén ali se acumulan os folletos, cores a gritos, letreros terminantes. Arroupado baixo os papeis da publicidade, un sobre pequeno sen remitente dá-lle a boa noite. Repara en que ninguén o fixo até agora.

ALFA

Non teño nome. O meu rostro é un instante disposto a ser esquecido, unha sombra proxectada ao fondo da caverna da tua memoria. Sen embargo, polos corredores dos sentidos, abvirto o río do teu pensamento xineteado pola luz. E eu quero luz, quero que a luz encha os ocos dous meus ollos con diamantes, que deseñe o meu perfil con alfinetes, que cosa os rotos do meu vestido con espadas.

E un instante, só un instante fai falta para encher a estancia da tua luz que me chama ao retorno de min mesma. Un instante que grita como a eternidade. Acudo pero non me miras. Non me ves porque transcorres, sen embargo acudo. Apesar do teu desexo, nunca poderás ollar-me. Diante de min emprendes o camiño de regreso. Eu trepo ao carro da tua sombra para que me leve. E o tempo dá-me vértigo.

ANONIMO 2

Hipéria. Tras as cortinas sei que estás e non estás e así superas-me. Deixa que alcance a perfeición do teu círculo infinito. Prometo non volver a cabeza até que sexas luz. Esta noite?

Humildemente,

HIPERION

BETA

Beta sentou-se. Na súa man un pano seco e enrugado atesouraba o lixo dos móveis. Todo o que fora limpando acobillaba-se agora entre os seus dedos como un animal silencioso. Non pensou nada portanto non podemos dicir se sentia ou non o peso do tempo caído sobre os móveis. Era un cansazo pouco reflexivo, o cansazo da non-actividade, a parada. Unha labazada sobre un tren en marcha.

Ali, por cima da mesa colocada entre a xanela e o sofá, unha beta de luz manchaba a estância. Formulou entón o seu propio nome e encontrou-no suxo, cheo de partículas diminutas e etéreas a flutuar dentro. A luz iluminou a suxidade incorruxíbel do seu interior.

Por instinto ou por un simulacro de reiniciar a marcha, levantou a man coa bandeira do pano colgada. Un xefe de estación anunciaba o seu destino. Un adeus. Quixo limpar o ar incendiado de lixo, deté-lo ante de chegar ao chan, ao sofá, sobre si mesma. Ergueu-se. Co pano en alto brincou a un lado e a outro, á caza, pero non facía senón torcer-lles o rumbo para que xogasen un rato mais. O xesto resultou tan inútil que sentiu vergoña. Percebiu unha corrente, como de alguén que sorri.

Unha finta rápida e atrapou un grau de pó mesmo á beira dun porta-retratos. Tiña o costume de encher a casa de fotografías. Nada de particular. Eran fotos vulgares, caseiras, exteriores e interiores onde a luz era como unha plasta xelatinosa a conxelar os movementos. Via-se que a ela non lle importaba o mais mínimo. A súa vida estaba configurada por esa série de movementos imposíbeis baixo o peso da luz, dos ollares dos outros, das celebracións repetidas, dos costumes, configurada por aquela masa informe de cabezas que a miraban desde a constelación da vida cotidiana.

O único elemento sen peso, sen embargo, era o tempo. Cada día chegaba até a cima dun novo monte: ao amanecer subía, ao serán baixaba, pero non conservaba na memoria nen a semellanza nen a diferenza. Por iso, todos aqueles ollares desde os cadros das fotografías eran alfinetes no difuso plano da súa vida. Era só quitar-lles o pó e continuar a marcha.

Sen mover o pano, achegou-se á xanela, abriu-na e deitou o lixo fóra. Como un panel de buzóns, as xanelas da frente eran retratos sen caras. Sen embargo agora podía perceber a respiración contida tras dos cristais. Estremeceu e fechou axiña a cortina.

ANONIMO 3

Nos teus cristais está escrito o meu bafo. Cando pasas a man por eles, sinto a pel fría e dura, tamborilada polos teus dedos. Se queres desfacer-te de min, só tes que limpá-los. Non molestes á policía, non sei contestar ás preguntas. Será esta noite?

Humildemente,

HIPERION

ALFA

Este pé non ten nome. E anónimo como a súa fermosura que arrasta todo o camiño desde o punto orixinal, ese que non logro xa ter presente como un plano con que dirixir-me polo mesmo anonimato das ruas e a súa confusión vertebrada. Aí está a meia, mais fermosa que o pé porque o envolve, a auténtica fermosura do pé que se oculta dentro até non ver-se. A fermosura que non se ve non existe, portanto eu só existo no teu mirar que, ao tempo que me mira tampouco me ve porque eu son o pé que se oculta baixo a meia da tua mirada.

Como non estás, maquillo sobre a miña cara os trazos da tua mirada sobre min, esa mirada que non é mais que un recordo de alguén que só es ti cando me mira. O meu amor é o que eu son en ti, porque non es ti, cando non estás.

E agora vexo todo o estraño que me resultas nas infinitas posibilidades de non ser o meu amor e sen embargo desexar se-lo. Cando pinto unha cella sesgo un pouco o trazo cara acima porque me suprendo coa noticia da tua infidelidade en calquer das posibilidades que descoñezo de ti. Dou unha orde no contorno dos meus beizos que ti desobedeces e ao sentir como tremen baixo o lápiz creo recoñecer a textura do teu dente sobre eles como unha flor que se deixase matar. Pero eu cobro forza para vingá-la e anoto o calibre con que quero ferir-te e amputar-te, devolver-te ao primeiro momento en que naceche a min redimido de todo o que non son eu. Como eu estou redimida do que non son senón os teus ollos.

Interpreto o meu papel para que me recoñezas, un papel que outra muller escribeu sobre a muller que non son, todo para que me recoñezas. Pero estou ciumenta desas mulleres que me rodean e me entregan a ti só para que me vexas vestida delas. Sei que nunca chegarás a desnudar-me dabondo para eu ficar igual a min mesma.

Cando desde o meu escenario non te vexo, o punto negro que configuran as miradas silenciosas do público mostra-me o teu rosto e a tua figura coas cicatrices iluminadas de todos os teus seres imposíbeis tal e como eu os vou amputando. Comprendo que é a ti a quen recito o meu papel ou, o que é o mesmo, a miña falsidade. Entón até teño ciume da muller que amas sobre min, apesar de min, a que me envolve sen deixar-me ser, confinando-me ao temor a non ser tan fermosa como esta meia que envolve o pé con que teño de percorrer a distancia que nos separa.

Luísa Villalta
A Coruña, 1990